

DONA MILAGROS LÓPEZ ÁLVAREZ, SECRETARIA XERAL ACCIDENTAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 20 de setembro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2021-2023, REFERENTE Á LIÑA ESTRATÉXICA 2 ACCIÓN SOCIAL. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2021031371). Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Participación Cidadá, que textualmente di:

“Primeiro: A Xunta de Goberno Local na súa reunión de data 16/02/2021 aprobou o Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol 2021-2023 (en adiante PES).

Segundo: Dende a Área de Igualdade (liña 8) propónse engadir unha nova liña estratéxica Ls 8.4 : Concursos., que sería a seguinte:

LS 8.4 CONCURSO “CURTA COA VIOLENCIA”

- Área de competencia afectadas: Igualdade
- Sectores aos que se dirixe a axuda: Entidades ou particulares .
- Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación: Promover accións en contra da violencia de xénero
- Efectos que se pretenden coa súa aplicación: Fomentar actividades e iniciativas que fagan fincanpé no rexeitamento da violencia de xénero
- Prazo necesario para a súa consecución: Concurso de carácter anual.
- Custo previsible para a súa realización e fontes de financiamento: Orzamento 2021 aplicación orzamentaria 04102-3342-48000 1.200 euros anuais. Para 2022 e 2023 previsión en contías similares.
- Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer en práctica as liñas de subvención identificadas no plan: Premio de carácter anual . Base aprobadas polo Pleno.
- Réxime de seguimento e avaliación continua: O indicado no art.11 do Plan Estratéxico
- Resultados da avaliación: En función do nº de aspirantes ao premio se fará un seguimento da repercusión deste nas distintas entidades e unha vez concedido o premio se fará un seguimento aos 6 meses.

Por todo o anterior, como concelleira delegada de Igualdade propoñolle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Modificar o Plan Estratéxico de Subvencións 2021-2023 do Concello de Ferrol no senso de engadir unha nova liña estratéxica dentro da liña estratéxica LS 8.4: Concursos. Cun custo previsible para a súa realización e fontes de financiamento: Orzamento 2021 aplicación orzamentaria 04001-3342-48000 1.200 euros anuais.

Segundo: Dar publicidade desta modificación do PES 2021-2023 DO Concello de ferrol no portal de transparencia da web municipal e no sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de acordo co disposto nos artigos 13 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Ferrol, 20 de setembro de 2021

Vº e Pr

ALCALDE

Ángel Manuel Mato Escalona

A secretaria xeral accidental

María Milagros López Álvarez